

Algúns dos participantes asistirán mañá a unha reunión en Lalín

## **UN PROXECTO EUROPEO IMPULSA O EMPREGO DO COMERCIO ELECTRÓNICO EN PEQUENAS EMPRESAS GALEGAS E PORTUGUESAS**

Santiago, 30 de novembro.- Setenta e cinco pequenas e medianas empresas do sur de Galicia e do norte de Portugal terán a oportunidade de comprobar as vantaxes que lles pode aportar o emprego do comercio electrónico e das novas tecnoloxías da información e das comunicacións grazas ao proxecto CIC-Commerce, unha iniciativa financiada pola Unión Europea e pola Xunta de Galicia que pretende contribuír ao despegue das PEMES desta zona.

O proxecto, que se dará a coñecer a algunhas das empresas interesadas nel mediante un acto que se celebrará mañá no Centro Comarcal de Lalín, está dirixido fundamentalmente a distribuidores dos sectores da ferretería, os electrodomésticos e os materiais de construción das provincias de Pontevedra e Ourense, así como a negocios do norte de Portugal.

Esta iniciativa, que foi promovida pola Fundación para o Fomento da Calidade Industrial e o Desenvolvemento Tecnolóxico de Galicia, pertencente á Consellería de Innovación e Industria da Xunta de Galicia, ten como obxectivo promover a incorporación da internet e do comercio electrónico entre as pequenas empresas da comunidade.

Segundo un estudo elaborado no ano 2005 polo Observatorio das Novas Tecnoloxías da Información e das Comunicacións en Galicia, só un 14'3 por cento das empresas da comunidade con menos de dez empregados recorren ao comercio electrónico na relación cos seus provedores, mentres que o número de empresas deste tipo que utiliza esta clase de tecnoloxías na relación cos seus clientes non acada o 8 por cento do total.

Para facerlle fronte a esta situación, proporcionaráselles aos pequenos empresarios dos sectores da ferretería, os electrodomésticos e os materiais de construción unha ferramenta gratuíta que lles permitirá actualizar automaticamente as tarifas dos provedores, consultar stocks en tempo real, emitir pedidos a través do programa de xestión da empresa e acceder a unha base de datos composta por máis de catro millóns de artigos.

O proxecto CIC-Commerce estase a levar a cabo no marco do programa Interreg IIIA, financiado polo Fondo Europeo para o Desenvolvemento Rexional (FEDER) e coa participación de Empresas Galegas Adicadas a Internet (EGANET); do Centro de Supercomputación de Galicia (CESGA) e do Instituto de Desenvolvemento e Inovação Tecnológica do Minho (IDITE - Minho), en Portugal.

**Para máis información, pode contactar con Xana García no número de teléfono 981 56 98 10, ou visitar a páxina web do proxecto: [www.cic-commerce.com](http://www.cic-commerce.com).**